



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONCELLO DE LALÍN PARA A ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL DE LALÍN**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

**DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Lalín o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A adquisición de mobiliario para a Biblioteca Municipal de Lalín

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

*De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade, pola necesidade de atender áreas específicas como a que acontece coa biblioteca do Concello de Lalín, recentemente rehabilitada, que necesita do mobiliario necesario para poder ofrecer un servizo permanente durante todo o*





*ano á poboación do concello e tamén a usuarios de concellos limítrofes; para elo cómpre realizar as actuacións necesarias que permitan ofrecer, por parte das distintas entidades, uns servizos ben planificados dos que debemos responsabilizarnos, para garantir a todos os cidadáns a igualdade de oportunidades no acceso ó uso das fontes de coñecemento e da cultura.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 2 de maio de 2016.

